



PROBAS DE ACCESO 2022/2023 | MONÓLOGO 2

Non entendo nada de nada.

Non sei como a electricidade pasa polos fíos, como se fai a luz e iso. Sei que hai dispositivos, turbinas e máquinas, iso seino, que hai que prende-la chispa, iso é!

A verdade é que non o sei, eu premo sobre o botón e *hop*, xa está! faise a luz, fácil!

Non é máis complicado ca iso para min, na miña cabeza, premo o botón e vai pola parede, polos fíos, na lámpada.

Que son unha muller moderna?

E a radio, dinme, hai ondas que van de aquí pra alá, megahertz e todo iso, e xa ves, non sei que quere dicir iso, os megahertz..., pero ben, os emisores e iso, os repetidores que repiten todo iso, e cando xiro o botón, cambia de onda, e capta, pero eu, eu non capto nada de nada. Non sei que é o que pasa aló arriba, pra que veña pra baixo. Non saberei volvelo conectar, facer pasar as ondas pra que descendan!

E a tele, igual, non vos vou facer un esquema, eu premo o botón, e aparecen as imaxes, mais non sei explicalo, como queres que faga?

E o coche, igual, cargo o gasóleo, o aceite, a auga, iso seino, e xiro a chave.

E un avión que despega? Nin idea.

E un destes barcos enormes de ferro sobre a auga, pra que flote, eh? Un misterio, iso é!

E os foguetes, a propulsión! A cona, sabes?

Estou a cero, ando niso todo o santo día, estou a cero, aí ando.

Entón, non vos sorprendades se ando a buscar desesperadamente alguén que mo explique, non vos sorprendades se teño ganas de chorar dende a mañá ata a noite.

A única cousa que sei, ben, que creo, é que a terra é redonda, aí está, e aínda así, dixeron na tele que non é totalmente certo, que non é totalmente redonda, que está achatada polos polos. Plana nos polos.

Son unha muller moderna que non está nin na idade do bronce!

Crónicas de noites enteiras e días enteiros, de Xavier Durringuer.
Tradución do francés de Fran Peleteiro.